



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G007/000019

CERTIFICACIÓN

JUAN ESTEBAN MÉNDEZ LEIVA, SECRETARIO ACCTAL. DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión telemática extraordinaria do 07.12.2020 adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<1º.- Aprobación do expediente de contratación do servizo de asistencia xurídica, xudicial, social, e defensa en xuízo, e asistencia de procurador para o Concello de Sada.

1º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, do servizo de asistencia xurídica, xudicial, social e defensa en xuízo, e asistencia de procurador para o Concello de Sada, cun orzamento base de licitación de 80.000,00 euros (exento de IVE) e un valor estimado de 160.000,00 euros, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificados no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.

3º.- Autorizar o gasto con cargo á partida 9200.22604 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello, para a presentación de proposicións durante o prazo establecido no prego.

5º.- Designar como responsable do contrato á Secretaría do Concello, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.

6º.- A Mesa de Contratación da licitación estará constituída polos seguintes membros:

Presidenta: D^a. Pilar Taibo Fernández, Concelleira de Facenda, Administración Local, Administración Electrónica e Contratación.

Vogais:

D. M^a del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria Xeral da Corporación (ou quen se nomee como accidental).

D. Jaime Presas Beneyto, Interventor (ou quen se nomee como accidental).

Secretario/a: un funcionario/a adscrito/a á Secretaría: Pablo Vázquez Pita ou María Belén Novo Reimúndez>>.

E para que conste e para os efectos oportunos expido o presente certificado asinado dixitalmente, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, co visado do alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, o 09 de decembro do 2020.